

ESTATUTOS

DENOMINACIÓN, ÁMBITO E DOMICILIO

TÍTULO I

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Art.-1º

Constitúese no Concello de Vilagarcía de Arousa, unha Asociación que se denominará: ASOCIACIÓN GALEGA DE INVESTIGADORES DA AUGA (AGAIA) , e que se rexerá pola vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable, dentro do marco da Constitución e do resto do ordenamento xurídico.

A Asociación é de carácter privado, posuirá personalidade xurídica independente da dos seus asociados e de plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. A duración da Asociación é por tempo indefinido

Art.-2º

Son fins e actividades da Asociación:

- a) Promover o coñecemento mutuo dos investigadores que estudan as augas continentais de Galicia nos seus diferentes enfoques.
- b) Fomentar a conservación e adecuada xestión dos ecosistemas acuáticos continentais.
- c) Dar a coñecer os estudos que fagan referencia ás augas non mariñas de Galicia, mediante reunións, actividades divulgativas e publicacións.
- d) Promover o desenvolvemento, a difusión e a transferencia do coñecemento ao sector implicado no goberno dos ecosistemas acuáticos continentais
- e) Promover, coordinar e facilitar actividades de investigación e intercambios científico-técnicos no campo de estudo das augas continentais.
- f) Promover a formación permanente dos profesionais do sector e do profesorado dos diferentes niveis educativos.
- g) A Asociación non ten fins lucrativos nin está sometida a ningún réxime asociativo específico.

Art.-3º

A Asociación galega de Investigadores da Auga ten o seu domicilio social na Estación de Hidrobioloxía “Encoro do Con” que a Universidade de Santiago de Compostela ten en Castroagudín, Cea, Vilagarcía de Arousa (Pontevedra); o domicilio social poderá ser modificado pola Xunta Directiva, previa aprobación pola Asemblea Xeral. Este domicilio social non limita a liberdade da Xunta Directiva para convocar asembleas xerais e reunións onde o estime oportuno

Art.-4º

O ámbito de actuación da Asociación galega de Investigadores da Auga é o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, aínda que entre os seus socios poderá haber persoas ou entidades de todo o Estado e doutros países, e poderá exercer tamén as súas actividades (reunións, estudos, publicacións, etc.) fora de España.

Para o cumprimento dos fins reseñados no Art.-2º realizaranse as seguintes actividades:

- a) Organizar congresos, xornadas, seminarios e cantas reunións sexan convenientes para o intercambio técnico-científico e a súa divulgación e transferencia.
- b) Desenvolver cursos de formación e sensibilización.
- c) Crear e difundir medios de comunicación tales como libros, revistas e foros, que sirvan para o intercambio e a transferencia do coñecemento.
- d) Propor e levar a cabo programas conxuntos de investigación entre equipos de investigadores nesta temática.
- e) Desenvolver redes de intercambio entre usuarios, estudantes, técnicos e científicos.
- f) Diseñar, avaliar e realizar programas de cooperación internacional.
- g) Desenvolver programas de formación propios ou en colaboración con institucións e entidades formativas.

Art.-5º

A Xunta Directiva, como órgano de representación da asociación, será competente para interpreta-los preceptos contidos nos Estatutos, someténdose en todo momento á normativa legal vixente en materia de Asociacións.

Os presentes Estatutos serán desenvolvidos e cumpridos mediante acordo que validamente adopten a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dentro das súas respectivas competencias.

TITULO II

DOS ÓRGANOS DIRECTIVOS E DA FORMA DE ADMINISTRACIÓN

Art.-6º

A dirección e a administración da Asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Art.-7º

O Presidente da Asociación, que o será tamén da Xunta Directiva, asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra.

Os Vogais asesorarán ao Presidente e desempeñarán as tarefas específicas que este lles asigne.

Para o cumprimento dos seus fins, na Asociación galega de Investigadores da Auga poderanse crear comisións específicas, formadas por un grupo de socios e coordinadas por un deles, que actuará como presidente da comisión e que terá a consideración de Vogal da Xunta Directiva.

Art.-8º

A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Asociación, de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral. Estará formada por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e tres Vogais.

Só poderán formar parte da Xunta Directiva aquelas persoas que ostenten a condición de asociados, que sexan maiores de idade, teñan o pleno uso dos dereitos civís e non estean incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

Art.-9º

Os cargos que compoñen a Xunta Directiva elixíranse pola Asemblea Xeral, entre tódalas candidaturas que se presenten, resultando elixida de entre todas elas aquela que obteña máis votos, tras un previo proceso no que se fará a presentación de cada unha delas e do seu programa de goberno pola persoa que as encabece. En todo caso nas candidaturas presentadas á Xunta Directiva deberán estar perfectamente determinados e distribuídos os distintos cargos da mesma entre os seus integrantes.

Os cargos da Xunta Directiva durarán un período de catro anos, aínda que poderán ser obxecto de reelección. No caso de vacante dalgún dos cargos e, en todo caso, non no previsto ó respecto nestes Estatutos, a Xunta Directiva poderá nomear provisionalmente á persoa que estime axeitada, até a nova elección de cargos.

Os cargos da Xunta Directiva poderán causar baixa por expiración do mandato, por incumprimento das obrigas que teñan encomendadas ou por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva.

Art.-10º

Os membros da Xunta Directiva non percibirán retribución polo cargo desempeñado.

Art.-11º

É función da Xunta Directiva, programar e dirixi-las actividades sociais e leva-la xestión administrativa e económica da Asociación, someter á aprobación da Asemblea Xeral o presuposto anual de gastos e ingresos, así como o estado de contas do ano anterior.

Art.-12º

A Xunta Directiva celebrará as súas sesións tantas veces determine o Presidente, a iniciativa propia ou a petición de polo menos dous dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente e, na súa ausencia polo Vicepresidente e, en último caso, polo membro da Xunta Directiva que teña máis idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados por maioría de votos dos asistentes, sendo precisa a concurrencia, polo menos, da metade máis un dos seus membros, incluídos o Presidente e o Secretario ou que estatutariamente os substitúan. Das sesións o Secretario levantará acta, que se transcribirá ó Libro de Actas.

Art.-13º

Os membros da Xunta Directiva presidirán as Comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de demandar das mesmas as informacións necesarias. Formaran parte, ademais, das ditas Comisións o número de Vogais que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos Presidentes.

Art.-14º

O Presidente da Xunta Directiva terá, ademais das facultades asignadas no Art.-7º, as seguintes atribucións :

- a) Convocar e levanta-las sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixi-las deliberacións dunha e doutra, decidindo con voto de calidade no caso de empate.
- b) Propoñe-lo plano de actividades da Asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas
- c) Ordena-los pagamentos acordados validamente.

Art.-15º

O Secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o Libro de Rexistro de Socios e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Auxiliaraos nas súas funcións e substituiráos nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade o Tesoureiro.

Art.-16º

O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente. Así mesmo, formalizará o presuposto anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior, que deben ser presentadas á Xunta Directiva, para que esta a súa vez, os someta á aprobación da Asemblea Xeral.

Art.-17º

Cada un dos compoñentes da Xunta Directiva, terá os deberes propios do seu cargo, así como os que nagan das delegacións ou comisións que a propia Xunta lles encomende.

Art.-18º

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación, integrada polos asociados, que adopta os seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna, e que se reunirá sempre que o acorde a Xunta Directiva, por propia iniciativa ou polo que acorde un terzo máis un do número dos seus asociados.

Obrigatoriamente a Asemblea Xeral deberá ser convocada en sesión ordinaria polo menos unha vez ó ano, para aproba-lo Plano Xeral de actuación da Asociación, censura-la xestión da Xunta Directiva, aprobar, no seu caso, os presupostos anuais de ingresos e gastos, así como o estado de contas correspondentes ó ano anterior e cantas outras cuestións se sometan á votación no capítulo de rogos e preguntas.

Son misións da Asemblea Xeral ordinaria:

- a) Coñecer, e no seu caso aprobar, a memoria de actividades que presente a Xunta Directiva.
- b) Sinalar as directrices xerais de actuación da Xunta Directiva.
- c) Designar, a proposta da Xunta Directiva, aos socios de honra.
- d) Fixar a proposta da Xunta Directiva as cotas de ingreso e anuais.
- e) Coñecer, e no seu caso aprobar, a memoria de Tesourería.
- f) Coñecer, e no seu caso aprobar, o orzamento anual.
- g) Aqueloutras que se lle asignen nos presentes Estatutos.

Art.-19º

A Asemblea Xeral convocarase pola Xunta Directiva, con carácter extraordinario, cando o esixan as disposicións vixentes, o acorden os membros da Xunta Directiva ou o solicite un número de asociados non inferior ó 10 por cen, e en todo caso para a modificación dos Estatutos, así como para elixir-los membros da Xunta Directiva, disposición ou alleamento de bens, disolución da Asociación, expulsión de asociados a proposta da Xunta Directiva, aprobación do regulamento de réxime interno da asociación e a solicitude da Declaración de Utilidade Pública. Tamén é da súa competencia a Constitución de Federacións, Confederacións ou Unións ou a súa integración nelas.

Art.-20º

As convocatorias das Asembleas Xerais, tanto ordinarias como Extraordinarias, serán feitas por escrito, expresando o lugar, data e hora da reunión, así coma a orde do día; e poden ser comunicadas tanto a través do correo electrónico como postal. Entre a primeira convocatoria e o día da reunión deberán mediar polo menos catro días naturais; a segunda convocatoria realizarase media hora máis tarde da primeira.

Así mesmo incluíranse na orde do día das convocatorias aqueles asuntos propostos por un número de asociados da asociación non inferior ó 10 por 100, que as presentarán diante o Secretario da Xunta Directiva cunha antelación mínima de dous días á celebración das sesións das Asembleas Xerais.

Art.-21º

A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria de modificación dos Estatutos da asociación estará acompañada polo texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 7 días para que calquera asociado poida dirixir ó Secretario as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

Art.-22º

As Asembleas Xerais Ordinarias ou Extraordinarias quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria, cando concorran a elas, presentes ou representados, a metade máis un dos asociados, e en segunda convocatoria cando asistan a décima parte dos mesmos.

Art.-23º

Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen ós negativos. Non obstante, requirirán maioría cualificada das dúas terceiras partes das persoas presentes ou representadas os acordos relativos á disolución da asociación, modificación dos estatutos e disposición ou alleamento de bens.

Art.-24º

A Xunta Directiva resérvase o dereito de decisión sobre situacións non contempladas nestes Estatutos, sempre que non sexan incompatibles coas decisións en vigor e non estean en contradición coa lei vixente reguladora do dereito de asociación e demais disposicións regulamentarias que a desenvolvan.

Art.-25º

Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer a xurisdición ordinaria.

Art.-26º

A Asociación disporá dunha relación actualizada dos seus asociados, levará unha contabilidade que reflicta a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como as actividades realizadas; efectuará un inventario dos seus bens e recollerá nun libro de Actas as reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.

TÍTULO III

DOS ASOCIADOS, DEREITOS E OBRIGAS

Art.-27º

A Asociación está formada por socios de honra, protectores, numerarios, e corporativos.

Os socios de honra son aquelas persoas que se destacaron polo seu excepcional labor no campo da investigación sobre augas continentais ou pola súa extraordinaria colaboración coa Asociación e que como tales sexan designados pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva. Recibirán un diploma acreditativo e gratuitamente as publicacións da Asociación.

Son socios protectores aqueles que abonen unha cota especial de axuda á Asociación, ademais da que lle corresponda como socio numerario ou corporativo.

Son socios numerarios aquelas persoas físicas, maiores de idade e con capacidade de obrar que, téndoo solicitado, sexan admitidas pola Xunta Directiva, formalicen a súa inscrición e abonen a cota de ingreso que anualmente fixe a Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.

As persoas físicas deberán ser maiores de idade, ter capacidade de obrar e non estarán suxeitas a ningunha condición legal para o exercicio do dereito.

Son socios corporativos as entidades que, téndoo solicitado, sexan admitidas pola Xunta Directiva, formalicen a inscrición e abonen a cota de ingreso que fixe a Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.

A cota anual dos socios corporativos será fixada anualmente pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva e a súa contía será superior á dos socios numerarios.

A entidade que sexa socio corporativo poderá estar representada por quen designe nas xuntas e reunións da Asociación, ás que poderá asistir con voz e voto.

As persoas xurídicas de natureza asociativa requirirán, para formar parte da Asociación, o acordo expreso do seu órgano competente e as de natureza institucional o acordo do seu órgano reitor.

Art.-28º

Aquelas persoas que desexen pertencer a Asociación solicitarano por escrito ó Presidente, o cal dará conta a Xunta Directiva, que resolverá sobre a admisión ou inadmisión do asociado con recurso diante a Asemblea Xeral.

Art.-29º

Os asociados poderán solicita-la súa baixa na Asociación voluntariamente, en calquera tempo, pero isto non lles eximirá de satisfacer as obrigas que teñan pendentes con ela.

A Xunta Directiva poderá separar ou expulsar da Asociación a aqueles asociados que os fagan indignos de seguir pertencendo á mesma, así como adoptar calquera outra medida disciplinaria contra aqueles. A separación ou expulsión, así como calquera outra medida disciplinaria adoptada, será precedida de expediente no que deberá ser oído o interesado, o cal será informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, imponha a sanción. Este acordo en todo caso deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral e contra a súa resolución poderase recorrer diante a xurisdición ordinaria.

Art.-30º

Os asociados posuirán os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades que promova a Asociación e nos actos sociais que organice para tódolos asociados.
- b) Gozar de tódalas vantaxes e beneficios que a Asociación poda obter.
- c) Asistir e exercita-lo dereito de voz e voto nas Asembleas Xerais. En todo caso

cada asociado que sexa persoa xurídica terá dereito a un solo voto.

- d) Ser nomeado membro da Xunta Directiva, na forma que prevén os Estatutos.

e) Posuír un exemplar destes Estatutos e ter coñecemento dos acordos adoptados polos órganos directivos.

- f) Ser informado sobre a composición da Xunta Directiva da asociación.
- g) Que se lle poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da Asociación tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.
- h) A impugna-los acordos dos órganos da asociación que estime contrarios a lei e ós Estatutos.
- i) Recibir as publicacións periódicas da Asociación que se editen a partir do seu ingreso.
- j) Ter opción a incluír os seus estudos nas publicacións e actividades da Asociación, tras a oportuna revisión do comité editorial da publicación ou do comité organizador da actividade.

Art.-31º

Os asociados poderán ser sancionados pola Xunta Directiva por infrinxi-los presentes Estatutos, ou os acordos da Asemblea Xeral ou a propia Xunta Directiva. As sancións poderán comprender dende a suspensión dos seus dereitos durante un mes, até a separación definitiva da Asociación, nos mesmos termos que prevé o artigo 29º.

Art.-32º

Serán obrigas de tódolos asociados:

- a) Comparti-las finalidades da asociación e colaborar para a consecución das mesmas.
- c) Acata-los presentes Estatutos e os acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral.
- d) Aboa-las cotas periódicas, derramas e outras contribucións que acorde a Asemblea Xeral.
- e) Desempeñar fielmente as obrigas inherentes ó cargo que desempeñen.
- f) Cumpri-lo resto de obrigas que resulten destes Estatutos.

Art.-33º

A condición de socio numerario perderase por:

- a) Baixa voluntaria.
- b) Non satisfacer a cota anual dentro dos prazos establecidos pola Xunta Directiva.
- c) Por acordo da Asemblea Xeral, reunida con carácter extraordinario, previo informe da Xunta Directiva e oído o interesado.

TÍTULO IV

DO RÉXIME ECONÓMICO E DA DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Art.-34º

A Asociación carece de patrimonio ó constituírse e o seu presuposto anual é indeterminado ou, no seu caso, será o que se determine a principios de cada ano pola Asemblea Xeral.

A Asociación galega de Investigadores da Auga non persegue beneficios económicos, e de obtelos, dedicaraos ás súas actividades científicas

Art.-35º

A data de peche do exercicio económico da asociación será a de 31 de decembro e as contas da asociación serán aprobadas anualmente pola Asemblea Xeral, polo que deberán ser postas previamente a disposición dos asociados durante un prazo non inferior ós 15 días ó sinalado para a celebración da referida Asemblea Xeral.

Art.-36º

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento das actividades sociais serán os seguintes:

- a) As cotas periódicas que acorde a Asemblea Xeral
- b) As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
- c) Os produtos dos bens e dereitos que lle correspondan, así como as subvencións, legados, doazóns que poda recibir en forma legal.
- d) Os ingresos que obteña a Asociación mediante o exercicio de actividades económicas lícitas que acorde realizar a Xunta Directiva, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ó cumprimento dos seus fins estatuarios.

Art.-37º

A administración dos fondos da Asociación levarase a cabo sometida á correspondente información e intervención e coa publicidade suficiente, a fin de que tódolos asociados podan ter coñecemento periodicamente do destino dos fondos, sen prexuízo do dereito consignado a este respecto no apartado g) do art. 30º destes Estatutos.

A memoria de Tesourería será sometida á aprobación da Asemblea Xeral polo Tesoureiro, unha vez visada pola Xunta Directiva. O Tesoureiro elaborará e presentará mediando

acordo da Xunta Directiva, o orzamento anual á Asemblea Xeral. O peche do exercicio económico coincidirá co fin do ano natural.

Art.-38º

No caso de disolverse a Asociación, a Asemblea Xeral que acorde a disolución, nomeará unha Comisión Liquidadora, composta por tres membros, a cal farase cargo dos fondos que existan, para que, unha vez satisfeitas as obrigas, o remanente, se o houbera, sexa entregado a calquera entidade legalmente constituída, con domicilio en Galicia, que se dedique a iguais, ou no seu defecto, análogos fins que esta asociación, ou a unha entidade benéfica.

Así mesmo, no caso de insolvencia da Asociación, a Xunta Directiva, ou, se é o caso, os liquidadores nomeados pola Asemblea Xeral, promoverán de inmediato o oportuno procedemento concursal diante o xuíz competente.

En proba de conformidade co presente proxecto de Estatutos, asinan tódolos membros constituíntes da Asociación que se propón.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A efectos honoríficos consideraranse socios fundadores da Asociación galega de Investigadores da Auga (AGAIA) os asinantes da acta fundacional da mesma.